

## Lingua 3º / Unidade 8 / Informamos

### Actividade 1

**Enunciado:** Sinala cales das seguintes non son unha familia léxica. Por que?

xeo	xeado	xeadeira
mar	mariñeiro	marabilloso
mina	mineiro	minería
leite	leito	leitería
casa	casería	casal

### Solución

mar	mariñeiro	marabilloso
leite	leito	leitería

**Marabilloso e leito non pertencen á familia de mar e leite, respectivamente.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Completa o que se solicita sen cometer ningún erro nin faltas de ortografía.	Completa o que se solicita sen cometer ningún erro con moi poucas faltas de ortografía.	Completa o que se solicita e comete ata dous erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**6.1.** Identifica familia de palabras.

#### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Tratamento da información e competencia dixital.

## Actividade 2

**Enunciado:** Escribe tres palabras que pertencen á mesma familia léxica de cada unha destas. Escribe unha oración con algunha das palabras que formaches.

**Nube:** \_\_\_\_\_

**Coche:** \_\_\_\_\_

**Pan:** \_\_\_\_\_

---

---

---

---

## Solución

Nube: nubrar, nubrado, nuboeiro. Coche: cochazo, cocheiro, cocheira. Pan: panadeiro, panadería, empanar, empanada, empanadilla.

A segunda parte da actividade é de resposta libre. Cómpre que se escriban sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

## Estándar de aprendizaxe avaliable

**7.1.** Relaciona palabras para formar familias léxicas.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

### Actividade 3

**Enunciado:** Subliña os pronomes persoais destas oracións e fai unha oración con cada un deles.

- Nós xogamos ao tenis.
- Eles foron ao cine.
- El lin un libro.
- Ti es médica.
- Vós ides á mesma escola ca eles.
- Ela irá a excursión.

---

---

---

---

---

---

---

---

### Solución

- Nós xogamos ao tenis.
- Eles foron ao cine.
- Eu lin un libro.
- Ti es médica.
- Vós ides á mesma escola ca el.
- Ela irá a excursión.

A segunda parte da actividade é de resposta libre. Cómpre que se escriban as oracións sen faltas de ortografía.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita e sen faltas de ortografía.	Realiza o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata catro erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**8.1.** Comprende o concepto de pronome persoal.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

## Actividade 4

**Enunciado:** Relaciona.

eu	terceira persoa plural
el	primeira persoa singular
vós	terceira persoa singular
ti	primeira persoa plural
elas	segunda persoa singular
nós	segunda persoa plural

## Solución

eu	terceira persoa plural
el	primeira persoa singular
vós	terceira persoa singular
ti	primeira persoa plural
elas	segunda persoa singular
nós	segunda persoa plural

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**9.1.** Recoñece e usa as formas do pronome persoal.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital.

## Actividade 5

**Enunciado:** Completa as oracións con pronomes persoais.

- \_\_\_\_\_ é moi estudosa.
- \_\_\_\_\_ imos a mesma escola.
- \_\_\_\_\_ teñen que recoller a mesa.
- \_\_\_\_\_ é moi xeneroso.
- \_\_\_\_\_ son gandeiros e \_\_\_\_\_ agricultores.
- \_\_\_\_\_ es unha boa doutora.

## Solución

- **Ela** é moi estudosa.
- **Nós** imos a mesma escola.
- **Eles/Elas** teñen que recoller a mesa.
- **El** é moi xeneroso.
- **Vós** sodes gandeiros e **eu** son agricultor.
- **Ti** es unha boa doutora.

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Realiza o que se solicita sen cometer ningún erro.	Realiza o que se solicita e comete ata dous erros.	Realiza o que se solicita e comete ata tres erros.	Non realiza correctamente o que se solicita.

## Estándar de aprendizaxe avaliable

**9.1.** Recoñece e usa as formas do pronome persoal.



### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia matemática.

## Actividade 6

**Enunciado:** Escribe o nome destes debuxos e logo fai unha oración con cada un deles.



---

---

---

---

### Solución

**Avestruces, noces e cruces.**

**As oracións son de resposta libre. Cómpre que as escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**10.1.** Coñece e aplica a regra do plural das palabras rematadas en -z.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

## Actividade 7

**Enunciado:** Escribe o plural das seguintes palabras. Despois escribe unha oración con cada unha delas.

raíz: \_\_\_\_\_

perdiz: \_\_\_\_\_

feliz: \_\_\_\_\_

vez: \_\_\_\_\_

luz: \_\_\_\_\_

veloz: \_\_\_\_\_

---

---

---

---

---

### Solución

**Raíces, perdices, felices, veces, luces e veloces.**

**As oracións son de resposta libre. Cómpre que as escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía e comete ata dous erros	Escribe correctamente o que se solicita con algunhas faltas de ortografía e comete ata tres erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**10.1.** Coñece e aplica a regra do plural das palabras rematadas en -z.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencias sociais e cívicas.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

## Actividade 8

**Enunciado:** Antón está agardando un paquete. Que enderezo lle tivo que dar a empresa de transportes para que lle chegue á casa. Inventa o seu enderezo.

---

---

---

---

---

## Solución

**O seu enderezo postal. O resto da actividade é de resposta aberta.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente o que se solicita sen erros.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata dous erros.	Escribe correctamente o que se solicita e comete ata catro erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

## Estándar de aprendizaxe avaliable

**11.2.** Diferencia un correo electrónico dun correo postal.

## Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.



## Actividade 9

**Enunciado:** Elix e completa.



Que eran Mendinho ou Martín Códax? → \_\_\_\_\_

Lingua que existía na Idade Media. → \_\_\_\_\_

Que escritos literarios se conservan? → \_\_\_\_\_

### Solución

Que eran Mendinho ou Martín Códax? → **trobadores.**

Lingua que existía na Idade Media. → **galego-portugués.**

Que escritos literarios se conservan? → **cantiga.**

Rúbrica			
Excelente	Satisfactorio	Elemental	Inadecuado
Escribe correctamente o que se solicita sen erros.	Escribe o que se solicita e comete ata un erro.	Escribe o que se solicita e comete ata dous erros.	Non escribe correctamente o que se solicita.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

**5.1.** Fala do galego da Idade Media.

#### Competencias clave

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.

## Actividade 10

**Enunciado:** Define o que é unha fábula coas túas palabras.

---

---

---

---

---

---

## Solución

**Resposta libre. Cómpre que o escriban de xeito claro e sen faltas de ortografía.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe correctamente o que se solicita sen faltas de ortografía.	Escribe correctamente o que se solicita con moi poucas faltas de ortografía.	Escribe o que se solicita con algunhas faltas de ortografía.	Non escribe correctamente o que se solicita.

## Estándar de aprendizaxe avaliable

**12.1.** Recoñece fábulas.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística.

Competencia en conciencia e expresión cultural.

Sentido da iniciativa e o emprendemento.